

Coñece ó noso equipo: BELÉN FERNÁNDEZ-FEIJÓO, Coordinadora do grupo CoAFin

Belén Fernández-Feijóo é profesora titular do Departamento de Economía Financeira e Contabilidade da Universidade de Vigo, e coordina o grupo CoAFin (Contabilidade, Auditoría e Finanzas), na actualidade agrupado con RGEA. Licenciouse en Ciencias Económicas en 1979 e en Ciencias Empresariais en 1981, obtendo ambas titulacións na Universidade de Santiago de Compostela. Antes de incorporarse a tempo completo á Universidade de Vigo no ano 1992, universidade na que defendeu a súa tese doutoral en 1994, traballou na área de informática, tanto na empresa privada como na antiga Caixa de Aforros Municipal de Vigo, e na Intervención Xeral do Estado.

Os seus traballos de investigación céntranse na información de Responsabilidade Social Corporativa publicada polas organizacións, como continuación natural da información contable pública. En concreto, e entre outros temas, traballa sobre a cada vez maior interacción entre a información financeira e a non financeira de sustentabilidade, o papel que a verificación externa da información de sustentabilidade xoga na calidade desta información e o desenvolvemento de novas ferramentas de comunicación nese ámbito.

Presenta os seus resultados en numerosos congresos a nivel nacional e internacional, e ten publicado numerosos capítulos de libro e artigos en revistas de impacto, tanto nacionais (*Cuadernos de Economía y Dirección de Empresa* ou *Revista Española de Financiación y Contabilidad*) como internacionais (*Corporate Social Responsibility and Environmental Management*, *Journal of Business and Economics* ou *Journal of Cleaner Production*, entre outras).



Especialistas italianos e españois reúnen-se en Vigo para analizar o sector da industria automobilística durante o X Congreso España-Italia de Historia Económica

No acto inaugural deste evento, que tivo como tema central a industria do automóbil en España e Italia, participaron o Alcalde de Vigo, Abel Caballero, e o director de comunicación do grupo PSA en Vigo, Pedro Hortas.



ECOBAS promove a firma dun convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e as dúas principais asociacións galegas de cooperativas

O Reitor da Universidade de Vigo e os presidentes das asociacións de cooperativas galegas Agaca e Espazo Coop asinaron o convenio durante o evento de cooperativismo celebrado o 31 de outubro en Vigo.



Antón Costas imparte unha conferencia na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais o vindeiro 1 de decembro

O economista galego, columnista nos diarios *El País*, *La Vanguardia* e *El Periódico de Cataluña*, e colaborador noutros medios como *La Ser* ou *RTVE*, estará na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais o 1 de decembro.



ECOBAS e Campus do Mar dan comezo a un ciclo conxunto de seminarios de investigación relacionados coa pesca

Celebraranse na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais do Campus de Vigo como mínimo unha vez ó mes e afrontarán dende distintos puntos de vista a temática da pesca e o ámbito mariño.

CONVOCATORIAS ABERTAS E EVENTOS DE INTERESE

CONVOCATORIAS NACIONAIS E REXIONAIS:

MINECO - Programa Estatal de I+D+i Orientada a los Retos de la Sociedad
· Prazo de presentación de solicitudes: ata o 13 de decembro de 2017.

Diario ABC- Premio ABC Solidario de Ayudas a proyectos sociales
· Prazo de presentación de solicitudes: ata o 14 de decembro de 2017.

MINECO - Axudas Ramón y Cajal 2017
· Prazo de presentación de solicitudes: 14 de decembro - 16 de xaneiro de 2018.

MINECO - Axudas Juan de la Cierva - Incorporación 2017
· Prazo de presentación de solicitudes: 20 de decembro - 17 de xaneiro de 2018.

MINECO - Axudas Juan de la Cierva - Formación 2017
· Prazo de presentación de solicitudes: 21 de decembro - 18 de xaneiro de 2018.

UAM-ACCENTURE- XI Premio en Economía e Xestión da Innovación 2017
· Prazo de presentación de solicitudes: ata o 1 de febreiro de 2018.

CONVOCATORIAS INTERNACIONAIS:

Comisión Europea- Innovative Training Networks (ITN)
· Obxectivo: establecer redes internacionais de formación de investigadores.
· Prazo de presentación de solicitudes: ata o 17 de xaneiro de 2018.

Comisión Europea- Interreg POCTEP
· Obxectivo: Financiar proxectos de cooperación entre España e Portugal.
· Prazo de presentación de solicitudes: apertura prevista en decembro de 2017 ou xaneiro de 2018.

Comisión Europea- Interreg SUDOE
· Obxectivo: Financiar proxectos de cooperación transnacional no suroeste de Europa.
· Prazo de presentación de solicitudes: apertura prevista en xaneiro de 2018.